



Medidas en materia tributaria e recadatoria para minimizar os efectos da situación xerada polo Coronavirus (COVID19) neste 2020

Coa finalidade de clarificar as distintas situacións nas que se pode atopar a cidadanía en relación cos procedementos tributarios e recadatorios e, polo tanto, de dotar de seguridade xurídica e transparencia ás regras e procedementos a seguir, fanse públicos os criterios que rixen nos supostos de:

1. Presentación de declaracións e autoliquidacións.
2. Presentación de documentación requirida.
3. Pago de débedas xa notificadas ou de fraccionamentos xa concedidos antes do 18 de marzo.
4. Pago de débedas que se notifiquen ou se entendan notificadas a partir do 18 de marzo.
5. Pago do Imposto sobre Vehículos.
6. Procedementos de comprobación xa iniciados.
7. Interposición de recursos.
8. Actuacións no procedemento económico-administrativo

Medidas Tributarias e Recadatorias aprobadas por Resolúcións do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de 24/03/2020, 02/04/2020, 29/04/2020 e 08/05/2020 (expediente 2656/500)

1.- Presentación de declaracións e autoliquidacións.

1.1.- Autoliquidacións con data límite de pagamento anterior ao 14 de marzo de 2020, poderán ingresarse até o **30 de maio** de 2020.

1.2.- Autoliquidacións con data límite de pagamento posterior ao 14 de marzo de 2020 e anterior ao 20 de maio de 2020, poderán ingresarse até o **30 de maio** de 2020.

1.3.- As restantes autoliquidacións dos tributos municipais realizaranse nos prazos que fixan as ordenanzas fiscais municipais, accesibles en:

https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=concellodixital11&lang=ga

1.4.- En relación ao Imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (Plusvalía), deberán presentar documentación na sede electrónica vigo.org ou no enderezo ofi.plusvalias@vigo.org

O prazo de declaración para os negocios xurídicos intervivos é de 3 meses e para os negocios xurídicos mortis causa é de 1 ano.

Non obstante o anterior, debe terse en conta que aquelas declaracións cuxo prazo tivese rematado o día 14 de marzo, amplíase dito prazo até o **30 de maio**.

1.5.- Para ingresar autoliquidacións sen ter que desprazarse as entidades bancarias, poderán realizar transferencia electrónica na conta do Concello de Vigo, IBAN ES48 2080 5000 6331 1007 0132, indicando como “concepto” o número de xustificante (13 díxitos) e “número de expediente”.

2.- Documentación esixida por un requirimento recibido antes do 18 de marzo de 2020.

2.1.- O prazo para atender o requirimento esténdese até o 30 de maio de 2020 ou a data na que termine unha eventual prórroga do estado de alarma.

2.2.- O prazo para cumprimentar o trámite de alegacións esténdese até o 30 de maio de 2020 ou a data na que termine unha eventual prórroga do estado de alarma.

2.3.- O prazo para cumprimentar o trámite de audiencia esténdese até o 30 de maio de 2020 ou a data na que termine unha eventual prórroga do estado de alarma.

3.- Pagamento de débedas xa notificadas ou de fraccionamentos xa concedidos antes do 18 de marzo.

a) Liquidacións tributarias.

Se a Administración notificou unha liquidación tributaria antes do 18 de marzo e o prazo de ingreso en período voluntario vence entre o 18 de marzo e o 30 de maio de 2020, o prazo de pagamento en período voluntario esténdese **até o 30 de maio de 2020**.

b) Derivacións de responsabilidade de débedas tributarias.

Se a Administración notificou un acordo de declaración de responsabilidade tributaria antes do 18 de marzo de 2020 e o prazo de ingreso en período voluntario vence entre o 18 de marzo e o 30 de abril de 2020, o prazo de pagamento en período voluntario esténdese **até o 30 de maio de 2020**.

c) Providencia de prema.

Se a Administración notificou unha providencia de prema con anterioridade ao 18 de marzo e o prazo de ingreso en período executivo vence entre o 18 de marzo e o 30 de abril de 2020, o prazo de pagamento en período executivo estenderase **até o 30 de maio**.

d) Pagamento da fracción ou da cantidade aprazada que debía realizarse entre o 18 de marzo e o 30 de maio.

d.1.- Adiamentos notificados antes do 18/03/2020 con vencemento o 20/03, 20/04 ou 20/05: **cargaranse en conta en conta o 30/05**.

d.2.- Adiamentos notificados antes do 18/03/2020 con vencemento o 05/04 ou 05/05: **cargaranse en conta o 30/05**.

d.3.- Fraccionamentos notificados antes do 18/03/2020 con fraccións que venceron o 20/03 , 20/04 e 20/05: **cargarase en conta o 30/05** a fracción vencida o 20/03, a fracción que vence o 20/4, **cargarase o 20/06** e a que vence o 20/05, **cargarase o 20/7**, producíndose o desprazamento de todos os vencementos de tal xeito que non se produza unha acumulación dos vencementos aprazados.

d.4.- Fraccionamentos notificados antes do 18/03/2020 con fraccións que venceron o 05/04 ou 05/05: **cargarase en conta o 30/05** a fracción do 05/04 e o 05/07 a que vence o 05/05.

e) **Inadmisión de solicitudes de fraccionamento, adiamento e compensacións anteriores a 18 de marzo.**

Se o prazo reflectido na providencia de prema á que fai referencia o artigo 62.5 da Lei Xeral Tributaria, non concluíu á data de 18 de marzo, o prazo de ingreso para aboar a débeda coa recarga de prema reducida do 10 por cento, amplíase **até o 30 de maio**.

f) **Sobre as retencións ou trabas feitas nos saldos das contas bancarias.**

Os prazos que regula o RD-lei 8/2020, do 18 de marzo para atender aos requirimentos, dilixencias de embargo e solicitudes de información con transcendencia tributaria que non tivesen concluído a 18 de marzo, ampliaranse **até o 30 de maio de 2020**.

Aos efectos de unificar prazos e axustalos ao previsto no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria, os procedementos de retención que regula o artigo 171 da LXT e 79 do Regulamento Xeral de Recadación, que terían que ser ingresados na Tesourería Municipal unha vez transcorridos 20 días naturais dende o día seguinte á data da traba, cuxo prazo de traba remate entre o 18 de marzo e o 30 de abril, amplíanse até o 30 de maio.

No devandito prazo poden os interesados presentar, se fose o caso, as reclamacións ante a administración, e esta dar instrucións á entidade financeira para levantar a traba se concorresen as circunstancias legais.

4. Pagamento de débedas que se notifiquen ou se entendan notificadas a partir do 18 de marzo.

- a) En período voluntario. O prazo de pagamento estenderase **até o 30 de maio de 2020**, salvo que o outorgado pola norma xeral sexa maior; nese caso será este o que resulte de aplicación.
- b) En período executivo. O prazo de pagamento estenderase até o **30 de maio de 2020**, salvo que o outorgado pola norma xeral sexa maior; nese caso será este o que resulte de aplicación.
- c) Fraccionamentos ou adiamentos. Para os expedientes notificados despois do 18/03, trasládase o vencemento do prazo (adiamento) ou da primeira fracción (fraccionamentos) ao **20/06/2020** (se se lles concedeu o adiamento/fraccionamento para os días 20 de cada mes) ou ao **06/06/2020** (se se lles concedeu o adiamento/fraccionamento para os días 5 de cada mes), salvo que os prazos concedidos foses superiores a estes últimos.

5.- Padróns fiscais:

- Padrón do Imposto de vehículos de Tracción Mecánica:

- a) O calendario do contribuínte que figura na sede electrónica fixa o prazo de inicio de cobranza deste tributo o 1 de abril e o remate o 5 de xuño.

https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=concellodixital3&lang=gal

- b) **Novo prazo que substitúe ao anterior.**

Apróbase un cambio no calendario, pasando o inicio da cobranza ao **6 de xullo e remate ao 7 de setembro de 2020.**

- Padrón da Taxa de lixo vivendas:

- a) O calendario do contribuínte que figura na sede electrónica fixa o prazo de inicio de cobranza deste tributo o 1 de xuño e o remate o 5 de agosto.

https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=concellodixital3&lang=gal

- b) Novo prazo que substitúe ao anterior.

Apróbase un cambio no calendario, pasando o inicio da cobranza ao **6 de xullo e remate ao 7 de setembro de 2020.**

- Padrón da Taxa de lixo comercial e vados (EUI):

- a) O calendario do contribuínte que figura na sede electrónica fixa o prazo de inicio de cobranza deste tributo o 1 de xullo e o remate o 7 de setembro.

https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=concellodixital3&lang=gal

- b) Novo prazo que substitúe ao anterior.

Apróbase un cambio no calendario, pasando o inicio da cobranza ao **3 de agosto e remate ao 5 de outubro de 2020.**

6.- Procedementos de comprobación xa iniciados.

Suspéndense os prazos de atención a requirimentos, presentación de alegacións, audiencia e outros relacionados con procedementos de verificación de datos, comprobacións limitadas, comprobación de valores e de inspección tributaria **até o 30 de maio** ou, no seu caso, á data na que termine a eventual prórroga do estado de alarma.

7.- Prazo de interposición de recursos contra as Resolucións da Concellería de Facenda.

O prazo para interpoñer recurso de reposición contra calquera acto ou resolución de carácter tributario iniciarase o día 31 de maio de 2020 ou o día seguinte á data de remate do estado de alarma se fose posterior.

Este inicio será de aplicación tanto a actos e resolucións cuxo prazo de recurso non estivese rematado con data 13 de marzo de 2020 como respecto a actos e resolucións notificados **ata 30 de maio de 2020**.

8. Prazos no procedemento económico-administrativo

O prazo para a interposición de reclamación económico-administrativa contra resolucións referidas a actos tributarios non firmes á data da declaración do estado de alarma ou resoltos ou notificados no dito prazo será dun mes a contar **dende o 31 de maio de 2020 ou dende o día seguinte á data de remate do dito estado de alarma si fose posterior**.

Os prazos para a realización de trámites perante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, tanto no suposto de aqueles xa iniciados e non vencidos na data da declaración do estado de alarma coma os que se notifiquen durante a vixencia deste, se reanudan non só na súa parte pendente, senón na súa integridade, o día **10 de xuño de 2020** ou aos dez días da finalización do devandito estado de alarma se fose posterior.

Vigo, 8 de maio de 2020